

OS MEUS PEQUENOS AMORES

Jean Eustache, 1974

1066

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2023 | V.O.S.E. | 123 min

Nunha pequena localidade meridional francesa, Daniel, un rapaz que está a entrar na adolescencia, vive feliz coa súa avoa. Despois dun ano de instituto, marcha vivir coa súa nai e o seu mozo a Narbona. Aínda que a Daniel lle gustaría seguir estudando, a súa nai non pode pagalo, así que envía a traballar como aprendiz nun taller. Na cidade descubrirá o mundo dos adultos, ao mesmo tempo que esperta a súa sexualidade.

«Ennobrece a adolescencia ao retratar con tanta veracidade as indignidades que a acompañan»

Melissa Anderson, VILLAGE VOICE



O tempo atrapado

Por Ángel Santos Touza

Retomemos por un momento aquela idea de Godard que suxería que algúns dos máis grandes cineastas da historia poderían destacar noutros oficios de non dedicarse ao cinema. Entre aventureiros, xornalistas e aviadores, o suízo concluía dicindo que Nicholas Ray era o cinema. Nós poderíamos tomar prestada por un momento esta idea e facela extensible, actualizada, aos nomes que compoñen esta lista de 100 cineastas que propoñemos en *Miradas de Cine*. É probable tamén que puidésemos encontrar un oficio para cada un deles, pero... e Jean Eustache? Que sucede co cineasta de Pessac? Deberíamos facer caso das súas propias palabras cando dicía que en ocasións se vía máis como novelista antes que como cineasta? Aínda que o literario teña un peso importante no seu cinema, o certo é que parece difícil imaxinalo como outra cousa distinta á que foi. O cinema impregnaba o seu ser, del serviuse para trazar a súa biografía, e quizais fora o cinema -como chegou a afirmar Philippe Garrel- o causante da súa morte. Os seus mentores foron os mozos turcos de *Cahiers*, que o obrigaron a pensar, pero, a diferenza deles, a nova xeración (o propio Eustache, Garrel, Pialat...) gardará a súa cinefilia no interior, como unha ferida espiritual: coñecer a beleza e saber da imposibilidade de recuperala. Iso si, quizais na súa aceptación de cineasta cabería algún matiz significante; Eustache sería máis ben un artesán-cineasta, “para vodas e banquetes” como lle gustaba dicir; sen ironía, con humildade.

(...) Podemos estar tentados entón a ler as ficción de Jean Eustache como o percorrido biográfico do mozo autodidacta que se traslada a vivir a París, onde fan aparición os cinemas, os bulevares e os cafés - “non hai un futuro que esperar nin un lugar a onde ir; hai cafés”-. Comezaríamos entón con *Os meus pequenos amores* (1974) asistindo ao paso á madurez de Daniel e como, nel, os estertores dunha mentalidade inocente, sentimental e romántica fan fronte por primeira vez á súa absoluta negación e descrenza. (...) Para ver completamente a Jean Eustache acazapado tras as súas imaxes deberíamos unir todos os seus filmes e, intercalando uns con outros, trazar esa liña vital comezando pola historia familiar en *Número Zéro* (1971), pasando ao espectral recordo do lugar da infancia capturado entre as imaxes de *La Rosière de Pessac* (1979), abrazando a dolorosa adolescencia en *Os meus pequenos amores* e seguir así o itinerario de desencanto ata *A mamá e a puta* (1973). Neste desexo de apuntar, de ver e reconstruír o vivido, de atrapar o (propio) tempo nunha imaxe, na que parece que o único compañeiro de viaxe posible para Jean Eustache sexa Jonas Mekas. Ambos atacados por unha mesma pulsión enfermiza por rexistrar, por atrapar no tempo e que por camiños ben distintos conduce a ambos a un certo estado de primitivismo, de pureza.

Quizais non poidamos contar a Jean Eustache entre ese puñado de cineastas decisivos para a historia do medio, moito menos para a gran Historia. Nin falta que fai. Aínda que nos seus filmes abrazou complexas estruturas de representación non será lembrado por ser un creador de novas formas -é case un reaccionario nese sentido- e os camiños transitados polo seu cinema probablemente tan só lle serviran a el mesmo. Pero que importa. O seu cinema, formado por grandes bloques de rotundidade escultórica e pétrea, fai pensar nunha desas amizades que se perden na escuridade do recordo, forxadas en noites de insomnio e excitación xuvenil; a confesións expresadas a media voz durante un paseo de tarde, nalgunha cidade de provincias. Vivencias/imaxes que se conteñen en formas tan puras que permanecen intactas a pesar dos anos e as distancias, unidas por lazos invisibles aos nosos pasos. Alguén dá máis?



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Une sale historie,
Jean Eustache.
Potemkine [DVD]

Le Dictionnaire Eustache,
Antoine De Baecque.
Leo Scheer, 2011

Au travail avec Eustache,
Luc Bréaud.
Actes Sud, 2017